

O século XIX

REXENCIAS DE MARÍA CRISTINA E ESPARTERO

1808

GUERRA DE INDEPENDENCIA

Invasión napoleónica

Baixo a escusa de cruzar a Península para invadir Portugal, a Francia napoleónica invade España. O rei Carlos IV cede o trono a Xosé Bonaparte, irmán de Napoléon.

1809

GUERRA DE INDEPENDENCIA

Liberación de Galicia

Fronte á ocupación francesa, en Galicia organizase a Xunta Superior do Reino de Galicia, que expulsa os franceses antes que noutros lugares do Estado.

1812

GUERRA DE INDEPENDENCIA

A Constitución de Cádiz

Nesta data promúlgase en Cádiz, onde se atopaban desprazadas as Cortes, dado que Madrid seguía baixo poder francés, a primeira constitución española.

1814

Volta de Fernando VII

Expulsados os franceses, chega ao trono Fernando VII, que instaura unha monarquía absolutista, ignorando os defensores do réxime constitucional.

1833

DÉCADA OMINOSA

Morte de Fernando VII

Coa morte de Fernando, sobre ao poder Isabel II, menor de idade. Dá comezo a rexencia de María Cristina e tamén o conflito carlista, ademais de realizarse a reforma territorial de Javier de Burgos.

1823

TRIENIO LIBERAL

Cen Mil Fillos de San Luís

Coa axuda de tropas francesas —os cen Mil Fillos de San Luís—, Fernando VII retoma o poder absoluto durante unha década, coñecida como a Década Ominosa.

1820

ABSOLUTISMO DE FERNANDO VII

Levantamento de Riego

Desta volta, a sublevación triunfa o rei é obrigado a aceptar a constitución, o que dá comezo ao Trienio Liberal.

1815

ABSOLUTISMO DE FERNANDO VII

Levantamento de Porlier

Fronte ao novo réxime absolutista, prodúcese na Coruña un levantamento militar liberal, que fracasa.

1843

REINADO DE ISABEL II

Isabel II chega ao trono

Nesta data chega ao poder, coa maioría de idade, Isabel II, cuxo reinado vai ser, polo xeral, bastante polémico e corrupto

1846

REINADO DE ISABEL II

Pronunciamento de Solís

En 1846 prodúcese o pronunciamento de Solís en varios lugares de Galicia. Ademais da orientación liberal, aparece unha compoñente galeguista que reclama a unión das catro provincias: nace o provincialismo.

1868

SEXENIO DEMOCRÁTICO

Revolución Gloriosa

En setembro do 68 prodúcese o levantamento de Topete, que dá comezo á etapa do sexenio democrático, primeiro co reinado de Amadeo de Saboia e despois coa I República.

1875

Restauración borbónica

Nesta data prodúcese a volta dos Borbóns ao poder, primeiro con Afonso XII (1875-1885) e posteriormente coa rexencia de María Cristina e o reinado de Afonso XIII, que se estenderá ata 1931.